



ISBN: 9788445345054



# climaeucambio

QUÉ SABES?



Proyecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

XUNTA DE GALICIA

## QUE SABES?

Antes de iniciar este camiño, tes que comprobar se están no teu poder algúns coñecementos básicos que te poderán axudar ao longo do tema. Imos alá!

- **0.1.** De seguro que nalgunha ocasión oíches ao “home ou muller” do tempo falar de anticiclóns, borrascas, fronte... Imos ver o atento que estiveches aos seus comentarios. Asocia cunha frecha os seguintes termos:

BO TEMPO	BORRASCAS
CHUVIAS	
BAIXAS PRESIÓNS	ANTICICLÓNS
LIÑAS DE IGUAL PRESIÓN	
CEOS DESPEXADOS	ISOBARAS
CEOS CUBERTOS	
ALTAS PRESIÓNS	FRONTE

- **0.2.** Coñeces o nome dalgún anticiclón... Non?, seguro que si. Nas nosas latitudes existe un que todos os veráns se converte en protagonista dos mapas do tempo: trátase do Anticiclón das Azores. Por certo, saberías situar no mapa da páxina seguinte as illas Azores?
- **0.3.** Que fenómenos meteorolóxicos son máis frecuentes en Galicia? Sinala algún .....  
Coñeces algún doutras zonas do Planeta?
- **0.4.** Que tal estamos de “memoria meteorolóxica”? Lembras como foi o mes de agosto do ano anterior: caloroso, fresco, chuvioso...? Non te acordas? Onde poderías atopar información sobre como foi o tempo hai un ano?
- **0.5.** Imaxina por un intre que tendes que describir nun parágrafo cómo é o clima de Galicia a alguén que nunca estivo nesta terra. Inténtao.

.....

.....

.....





## QUE SABES?

- **0.6.** En todas as culturas e ao longo de todos os tempos, os homes buscaron explicacións aos fenómenos meteorolóxicos, en especial daquelas manifestacións máis violentas: tempestades, tormentas, lóstregos, etc... Os gregos veneraban o Deus Eolo, que tiña encadenados os ventos. Cada un deles tiña o seu nome; así o vento do Norte, chamábase “Bóreas”... É curioso, non? Porque como denominamos tamén o Hemisferio Norte?

.....


Xa que estamos a falar de ventos, coñeces outros nomes de ventos? Cales son os máis frecuentes en Galicia?

- **0.7.** Fai unha fotocopia tamaño A3 do seguinte mapa e realiza as actividades que che propoñemos.



- **0.8.** Localiza:
  - Os continentes e os océanos. Colorea cada continente dunha cor e o mar de azul.
  - Os seguintes mares: Mediterráneo, Cantábrico, Mar do Norte, Báltico, Vermello, Caribe.
  - Estes golfos: de México, de Guinea, de Bengala, Pérsico.
  - Australia, Groenlandia, Alaska, Siberia, Amazonas, Sahara.
  - As seguintes cordilleiras: Alpes, Cáucaso, Urais, Atlas, Andes, Himalaia, Rochosas.

- **0.9.** Recorda que hai dous tipos de liñas imaxinarias: paralelos e meridianos. Fai no teu caderno unha definición breve de cada un, di cales son os máis importantes e logo localízaos no mapa.
- **0.10.** Xa sabes que estas liñas van servir como referencia para localizar calquera punto no planeta dando as coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude. Defíneas no teu caderno. Localiza os 4 puntos cardinais no mapa.
- **0.11.** Que é un hemisferio? Cantos hai? Sabes o nome que teñen?
- **0.12.** Di cales son os movementos da Terra e as súas consecuencias. Que influencia pensas que teñen sobre o clima?
- **0.13.** Que entendes por atmosfera? Neste esquema da atmosfera completa o nome da capa que falta.
  - a) En cal delas van ter lugar os fenómenos meteorolóxicos? Explícao.
  - b) Explica a frase: “A atmosfera terrestre parécenos inmensa, non obstante o seu grosor é apenas o equivalente á pel dunha mazá.”



Coles xeadas en San Cibrao de Oimbra no mes de novembro.

